



SECCIÓNS



- **Fontexería ó día:** noticias
- **Hora de saber:** monográficos
- **Entrevista á vista:** entrevistas
- **A través do tempo:** crónicas
- **Opinamos:** artigos de opinión
- **Publicidade:** anuncios
- **Contar o mundo:** narracións
- **Con versos:** poesía
- **Recuncho culinario:** receitas de cociña
- **As nosas músicas:** recomendacións musicais



FONTEXERÍA Ó DÍA

Nesta sección imos crear noticias inventadas. Poden ser informacións curiosas, simpáticas, disparatas... e poden estar centradas no instituto ou en calquera outra temática. Iso si: **non poderán ser irrespectuosas** con ningunha persoa ou colectivo social.

INDICACIÓNS

A **noticia** é o principal **xénero xornalístico**. O seu obxectivo é **informar** sobre un feito de actualidade e de interese para a sociedade. Para redactar unha noticia cómpre responder as seguintes preguntas:

- **Que** sucedeu?
- **Quen** o fixo?
- **Onde** ocorreu?
- **Cando** tivo lugar?
- **Como** aconteceu?
- **Por que** sucedeu

Normalmente unha noticia estrutúrase en **3 partes**:

- **Titular**: frase na que se resume a información esencial da noticia (*que, quen, onde, cando*). Con el búscase espertar o interese do público.
- **Entrada**: primeiro parágrafo onde se recollen os datos máis relevantes do feito do que se está a informar (*que, quen, onde, cando*).
- **Corpo**: nel desenvólvese en profundidade a información xa introducida e engádense outros datos, de maior a menor importancia. (*como, por que*).

TAREFA

1.Redactar unha noticia inventada seguindo as indicacións que aparecen arriba.

2. Sinalar no texto as súas diferentes partes (titular, entrada e corpo).

3. Enviar a tarefa a **olalla.linhares@gmail.com**, preferiblemente feita a ordenador.

HORA DE SABER



Nesta sección imos aproveitar para repasar os contidos que fomos vendo ó longo do curso e incluso para avanzar algúns novos.

INDICACIÓNS

Os **monográficos** son textos que teñen como obxectivo transmitir coñecementos sobre algún tema ou materia, como cando no instituto facemos un traballo sobre algo.

Para elaborar un texto deste tipo hai que pasar por varias fases:

- **Pensar** o tema.
 - **Buscar** e seleccionar información.
 - **Estruturar** a información nun guión.
 - **Redactar** o texto coa información que seleccionamos e ordenamos.
- 

TAREFA


1. Escoller algún dos contidos de lingua ou literatura que vimos durante o curso (están no Drive) ou dos que hai en calquera dos libros desta materia.

Exemplos de temas a tratar:

- *Sabías que en galego hai 7 vogais?*
- *Así falamos en Galicia: as variantes dialectais*
- *Malditos pronomes*
- *As Irmandades da Fala*
- *O grupo Nós*
- *Castelao: xenio e figura*
- *Que é iso das vangardas?*
- *Celso Emilio Ferreiro: o poeta revolucionario*

2. Redactar información sobre ese tema, de xeito claro e breve. Así, as persoas que despois escoiten o noso programa poderán ter unha idea xeral sobre o que estamos a falar.

3. Enviar a tarefa a **olalla.linhares@gmail.com**, preferiblemente feita a ordenador.



ENTREVISTA Á VISTA



Nesta sección imos entrevistar persoas que vós escollades.

INDICACIÓNS

A **entrevista** é o un **xénero xornalístico dialogal**. Así, nela interveñen como mínimo dúas persoas: a que pregunta (entrevistadora) e a que responde (entrevistada).

Para que haxa unha entrevista ten que haber un **tema** ou **motivo**, isto é, por que se entrevista esa persoa? Que información interesante ten para contarnos? Neste sentido, todas as persoas teñen algo que contar, todas as persoas poden ser entrevistadas por algo. Por exemplo, podemos entrevistar á nosa avoa para preguntarlle pola súa infancia, que foi diferente á nosa; velaí o tema ou motivo.

Ademais das preguntas e das respostas, nas entrevistas hai unha **introdución**. Nela o que se fai é presentar a persoa que vai ser entrevistada para introducir o tema.

TAREFA



1. Escoller a persoa á que vas entrevistar e **pensar o motivo** polo cal vas facelo (poden ser preguntas sobre a súa vida en xeral, sobre o seu traballo, sobre algo que lle ocorreu...). Ten que ser alguén a quen despois poidas realizarlle estas preguntas, ben en persoa ou ben por teléfono (pode ser alguén que viva contigo, por exemplo).

2. Redactar a introdución da entrevista, isto é, presentar esa persoa en relación co tema que queiras tratar.

3. Escribir as preguntas, arredor de **10**. Para iso, debes ter en conta que en galego abonda con poñer o signo de interrogación (?) ó final da pregunta e que **os pronomes interrogativos (que, quen, como, onde, cando, por que, cal, canto) non levan acento**.

4. Enviar a tarefa a **olalla.linhares@gmail.com**, preferiblemente feita a ordenador.



A TRAVÉS DO TEMPO



Nesta sección imos incluír crónicas de acontecementos diversos.

INDICACIÓNS


Unha **crónica** é un texto no que relatamos uns acontecementos seguindo a orde cronolóxica (é dicir, temporal) na que sucederon. Constitúe un dos principais xéneros xornalísticos.

TAREFA


1. Redactar unha crónica de temática libre. Pode ser sobre unha temporada deportiva, sobre o curso escolar, sobre o confinamento... Total liberdade creativa. Extensión de referencia: 150 palabras.

2. Subliñar 5 formas verbais no texto e analizalas (número, persoa, tempo, modo, verbo e conxugación).

3. Enviar a tarefa a **olalla.linhares@gmail.com**, preferiblemente feita a ordenador.



OPINAMOS



Nesta sección imos incluír as vosas opinións sobre temas diversos.


INDICACIÓNS

O **artigo de opinión** é un xénero xornalístico que manifesta o sentir ou o pensar de quen escribe con respecto a un asunto que esperta o interese da opinión pública.

TAREFA

1. Redactar un artigo de opinión sobre calquera tema que sexa do teu interese. Debes seguir a mesma estrutura e indicacións que nos textos argumentativos que fixemos ata agora (introdución - argumentación - conclusión).

2. Enviar a tarefa a **olalla.linhares@gmail.com**, preferiblemente feita a ordenador.



PUBLICIDADE



Nesta sección imos crear anuncios publicitarios.

INDICACIÓNS

Cando falamos de publicidade, podemos diferenciar dous tipos:

- **Comercial:** pretende influír no público para que consuma un produto determinado ou compre nun establecemento.
- **Institucional:** pretende que o público adquira uns hábitos positivos (que lea máis, que fale unha lingua, que sexa solidario/a, que faga exercicio...).


Nunha mensaxe publicitaria é moi importante o **slogan**, que é unha frase curta que pretende impactar e quedar na memoria do público. Velaquí dous exemplos de slogan:

- *Vivamos como galegos!* (Publicidade comercial - Gadis).
- *Comparte saúde. Doa sangue.* (Publicidade institucional – Centro de Doazón de Sangue e Órganos).

TAREFA

Na radio, os anuncios chámanse **cuñas publicitarias**.
1. Crear o texto dunha cuña publicitaria. Pode ser de publicidade comercial ou institucional, mais debe ser un anuncio adaptado á situación de confinamento que estamos a vivir (un produto útil para estes días, unha acción ou hábito positivo nestes días...). Lembrade que todo anuncio debe ter un bo **slogan**. Podedes axudarvos da páxina 190 do libro de texto (2).

2. Enviar a tarefa a **olalla.linhares@gmail.com**, preferiblemente feita a ordenador.



CONTAR O MUNDO



Nesta sección ídesvos converter en narradores/as radiofónicos/as.


INDICACIÓNS

Pertencen ao **xénero narrativo** aqueles textos nos que se conta unha historia (real ou imaxinaria) que lle sucede a uns personaxes nun tempo e nun espazo.

Os principais elementos dunha narración son a voz narradora, os personaxes, o tempo e o espazo. Estrutúrase normalmente en 3 partes: introdución, nó e desenlace.

TAREFA



- 1. Escribir** unha narración de temática libre. Se non queredes partir da nada, podédesvos inspirar nun sonigrama, como fixemos na tarefa da clase (aínda está a información no Drive).
 - 2. Subliñar** 5 formas verbais no texto e analizalas (número, persoa, tempo, modo, verbo e conxugación).
 - 3. Enviar** a tarefa a **olalla.linhares@gmail.com**, preferiblemente feita a ordenador.
- 

CON VERSOS




Nesta sección imos recitar e analizar textos poéticos.

INDICACIÓNS


Pertencen ao **xénero lírico** aqueles textos que expresan sentimentos, emocións ou sensacións. A manifestación habitual deste xénero é o **poema**, composto por **estrofas**, e estas á súa vez por **versos**.

Os textos poéticos caracterízanse polo seu ritmo e musicalidade, pola ausencia de acción en favor da expresión e pola brevidade (transmitir moito en poucas palabras).

TAREFA

- 1. Escoller** un poema de calquera dos/as autores/as que estudamos este curso ou que aparecen nos libros de texto. Recomendovos a antoloxía de textos das unidades 8, 9 e 11 (esta última especialmente).
 - 2. Redactar** un breve perfil do seu autor ou autora (máximo 10 liñas).
 - 3. Sinalar** a temática do poema (amorosa, social...).
 - 4. Analizar** o significado do poema, isto é, realizar unha interpretación do seu contido.
 - 5. Enviar** a tarefa a **olalla.linhares@gmail.com**, preferiblemente feita a ordenador.
- 
- 

RECUNCHO CULINARIO



Nesta sección imos incluír receitas de cociña para o confinamento.

INDICACIÓNS

O adxectivo **culinario** significa "relativo ou pertencente á preparación de alimentos". Así, esta sección trata de crear **receitas de cociña**.

Unha receita de cociña é un **texto intrutivo**, isto é, proporciona as indicacións necesarias para facer algo.

Na **páxina 112** do libro de texto (2) atoparás unha serie de indicacións para redactar un texto instrutivo. O máis importante a ter en conta é o uso de verbos en **infinitivo e en imperativo** e o uso de **conectores**. Os conectores serven para conectar, isto é, para relacionar as diferentes oracións dun texto (*en primeiro lugar, a continuación, por último...*).

TAREFA

1. Preguntar na casa por unha receita de cociña. É importante que preguntes a receita na casa en lugar de buscala na internet. Ademais, debe ser unha receita que poidamos facer neste confinamento, é dicir, con ingredientes que haxa normalmente nas nosas casas.


2. Redactar a receita, tendo en conta que consta de dúas partes:

- **Ingredientes:** enumeración dos ingredientes necesarios indicando a cantidade de cada un.
- **Elaboración:** descrición detallada do proceso de elaboración paso por paso.

*Debes poñer moita atención no vocabulario que utilices, usando as formas propias do galego e non castelanismos.

3. Subliñar na túa receita os conectores que utilizaches.

4. Enviar a tarefa a **olalla.linhares@gmail.com**, preferiblemente feita a ordenador.



AS NOSAS MÚSICAS



Nesta sección imos escoitar e analizar música en galego.

INDICACIÓNS

A **música en galego** ten séculos de historia, e no noso territorio contamos cunha enorme riqueza no que a música tradicional se refire. Hoxe en día moitas/os artistas procuran reinventar esta tradición e outros/as crean pezas e motivos novos. No panorama actual da música en galego hai numerosos grupos con propostas ben diversas, pasando por tódolos estilos musicais: dende a música folk ata o trap.

TAREFA



- 1. Mergullar** na música en galego: descubrir novos grupos, cantantes... a través da Rede. Para iso podes axudarte [deste espazo web](#) e do documento pendurando na Aula Virtual xunto coas tarefas desta semana.
 - 2. Escoller** unha canción en galego que che guste para compartir co resto.
 - 3. Explicar** por escrito por que escolliches esa canción e que significado cres que ten a súa letra.
 - 4. Redactar** un pequeno perfil sobre o grupo ou artista que canta esa canción (nome, estilo, compoñentes, data de fundación, títulos dos seus discos...).
 - 5. Enviar** a tarefa a **olalla.linhares@gmail.com**, preferiblemente feita a ordenador.
- 